

CORRECCIÓN ACTIVIDADES 3º ESO 5ª SEMANA DO 20/04/20 – 24/04/20

1. Acentúa as seguintes oracións:
 - Cando estou **só** na casa gozo dunha paz imposible se estades **vós**.
 - Esculpiu unha pomba coas **ás** abertas e no bico unha **póla** de oliveira.
 - **Vós** estudastes **máis có lacazán** de **Luís**.
 - Ves ese paxaro de **ás** escuras? É un merlo.
 - Se queres **vés** e **así** ves quen **vén á actuación**.
 - **Só nós** non nos damos conta do **difícil** que **é** facer os **nós** mariñeiros.
 - **Díxome** que **cómpre** que baixe **á** tenda e compre ovos para a cea.
 - O director **atribuíu** o **éxito ás súas xestións**.
2. Copia as seguintes palabras e diferencia nelas o lexema e os morfemas:
 - a) Indica se os morfemas son flexivos ou derivativos.
 - b) No caso dos morfemas derivativos, indica se son prefixos ou sufixos.
 - Sogros: **sogr** (lexema)- **o** (morfema flexivo xénero)- **s** (morfema flexivo número).
 - Hoteis: **hote** (lexema) – **is** (morfema flexivo número).
 - Saída: **saí** (lexema) –**da** (morfema derivativo sufixo).
 - Pantasma: **pantasma** (lexema)- **s** (morfema flexivo número).
 - Amante: **ama** (lexema) – **n**te (morfema derivativo sufixo).
 - Barcazas: **barc** (lexema)- **aza** (morfema derivativo sufixo) –**s** (morfema flexivo número).
 - Embarcar: **em** (morfema derivativo prefixo)- **barc** (lexema)- **ar** (morfema derivativo sufixo).
3. Identifica os adxectivos cualificativos do seguinte texto e indica en que grao están:

De súpeto, o arreguizo **astral** correulle dende as unllas dos pés ao coiro da testa, e todos os cabelos se lle puxeron de punta: na porta había unha fendedela, e por ela pasaba a pata **dianeteira** dun lobo **grandísimo**. Unha pouta **negra, grande**, con unllas **afiadas** que relucían. [...]

Pola porta apareceu un fociño **longo**, con dentes **brancos** que en poucos instantes fixeron saltar as táboas, e polo burato, coouse no sequeiro o lobo da xente.

O Ánxel vira o lobo moitas veces; xa dixeran que era un mozo doutro tempo. Mais lobo como aquel, tan **negro**, tan **peludo**, tan espantosamente **grandísimo**, con aqueles ollos **sanguinarios** e **relucentes**, que escintilaban máis que o lume da lareira, con aqueles dentes **brancos** e **afiados** como navallas, aquel fociño **mouro, lixado** de sangue **fresco**, aquelas poutas **grandes** coma as dun oso, coma aquel nunca, endexamais outro vira na vida. O Ánxel, **acochado** na canceira, tremía coma unha vara **verde**, mais non rebuliu.

Vicente Risco: *O lobo da xente*

Grao positivo: **astral, dianeteira, negra, grande, afiadas, longo, brancos, negro, peludo, sanguinarios, relucentes, , mouro, lixado, fresco, acochado, verde.**

Grao comparativo de igualdade: **brancos, afiados, grandes.**

Grao superlativo: **grandísimo, grandísimo.**